

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Entidade Inclusiva Diaconía España (DIACONÍA)

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don **JOAN DAVID GRIMÀ TERRÉ**, con DNI 39.018.910-P, en calidade de presidente da Entidade Inclusiva Diaconía España (en diante DIACONÍA), elixido para este cargo na asemblea do 1 de marzo de 2023, con CIF R-2802129C e domicilio social na Calle Andrés Obispo 37-7º Izq., 28043 Madrid; inscrita no Rexistro Legal da Dirección Xeral de Asuntos Relixiosos do Ministerio de Xustiza, co núm. 017350, e inscrita no Rexistro único de entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Comunidade Autónoma de Galicia co núm. E-6972; tal e como consta na resolución de inscrición do 4 de xuño de 2019.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptarase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da

infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira”.

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que “Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que DIACONÍA é unha entidade inclusiva sen ánimo de lucro, que nace en 1997 co obxectivo principal de inclusión y compensación de desigualdades educativas, asesoramento e apoio e servindo de punto de unión para as familias.

6. Que DIACONÍA ten como misión, tal e como se explicita no artigo 1 dos seus Estatutos, “axudar as persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social a fin de favorecer o seu desenvolvemento integral”.

7. Que DIACONÍA é unha entidade que ten entre as súas principais finalidades (tal e como se explicita no artigo 4 dos seus Estatutos) as seguintes:

a) Emprender, executar, supervisar e apoiar as iniciativas sociais protestantes que favorezan o desenvolvemento integral das persoas que se atopan nunha situación de risco ou exclusión social, independentemente do credo ou orixe, podendo traballar con todos os colectivos de atención, tales como: infancia e familia, mocidade, poboación inmigrante, refuxiada, terceira idade, persoas con adicións de todo tipo (drogodependencia, alcoholismo, ludopatía...) igualdade de xénero, reclusos e ex reclusos, persoas con discapacidade, enfermos, necesidades do pobo xitano, persoas en situación de dependencia, persoas prostituídas e vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, laboral ou tráfico de órganos, así como os seus fillos ou fillas menores ou con

discapacidade etc.

b) Poñer en marcha, executar, colaborar, xestionar programas e proxectos e en xeral realizar actuacións dirixidas á atención de persoas solicitantes e beneficiarias de asilo, protección internacional, temporal ou apátrida, subscribindo para o efecto coas administracións públicas ou entidades de todo tipo os concertos, convenios ou acordos precisos.

c) Apoiar a acción social das Igrexas membros da FEREDE e das entidades sociais colaboradoras de DIACONÍA.

d) Promover o voluntariado e a cooperación social en xeral.

e) Executar directamente ou en cooperación con outras entidades de todo tipo de proxectos sociais, culturais, educativos e de cooperación.

f) Traballar en rede para o fortalecemento do terceiro sector en iniciativas tanto privadas como públicas tendentes á solución dos problemas da humanidade, cooperando, na medida das súas posibilidades, con organismos nacionais e internacionais de acción social ou relixiosa.

g) Fomentar tanto ao persoal das entidades evanxélicas, como a calquera outro interesado, de acordo co expresado nos fins anteriores.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

En consecuencia, a Consellería e DIACONÍA acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e DIACONÍA nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar, de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de DIACONÍA nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado que se atope

en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

2. A Consellería e DIACONÍA colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de DIACONÍA nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de DIACONÍA debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar, escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Entidade Inclusiva Diaconía España (DIACONÍA)*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de DIACONÍA e as familias do alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar, establecerán de mutuo acordo e por escrito seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado tutor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en vulnerabilidade socioeducativa, en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de DIACONÍA nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por condicións persoais ou de historia escolar; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia; ter regularizada a súa situación laboral con DIACONÍA e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. *Financiamento*

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Entidade Inclusiva Diaconía España (DIACONÍA) e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia

e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2027-2028, isto é o día 31 de agosto de 2028, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están

obligados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA ENTIDADE INCLUSIVA DIACONÍA
ESPAÑA (DIACONÍA),

O PRESIDENTE,

Joan David Grimà Terré

